

PROCEDIMIENTO.- Modificación de ordenanzas fiscales
Expediente.- 2021/G016/000003

Asunto.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 35. REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR A DOMICILIO DO CONCELLO DE ARTEIXO

ORDENANZA NÚMERO 35. REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR A DOMICILIO DO CONCELLO DE ARTEIXO

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127, e segundo as normas contidas no capítulo VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de comedor a domicilio na súa modalidade de Liña de comida fría e Liña de comida quente, especificado nas tarifas comprendidas no artigo de Base Impoñible e Contía, e que se rexerá pola presente ordenanza.

O comedor a domicilio é un servizo específico de axuda no fogar, tal como se define no artigo 14 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

A prestación será sempre temporal, non indefinida e está suxeita aos criterios de avaliación periódica do Concello. Non é un servizo con carácter obrigatorio nin permanente para o Concello, podendo ser suspendido cando o órgano competente do mesmo así o decida. A súa utilización é voluntaria.

ARTIGO 2. OBRIGA DE PAGO

Están obrigadas ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas ás que se lles preste o servizo de comedor a domicilio como servizo específico de axuda no fogar, en calquera das súas dúas modalidades.

Se a persoa destinataria do servizo carecera da capacidade de obrar, a dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

ARTIGO 3. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGO

Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo por mensualidades vencidas.

O Concello, sobre a base do parte de servizos prestados asinado polo persoal técnico de servizos sociais municipais, elaborará un recibo/liquidación individual co importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior. O importe mensual de cada persoa usuaria será o resultado de multiplicar o número de menús servidos no mes polo prezo unitario do menú fixado nesta ordenanza.

O pago deberá efectuarse mediante domiciliación bancaria. As excepcións a esta regra virán motivadas cun informe técnico de Servizos sociais municipais.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixox.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE E CONTÍA

4.1. SERVIZO DE COMEDOR A DOMICILIO EN LIÑA DE COMIDA FRÍA

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas, establécese o prezo unitario do menú en **12,86€/menú** (base imponible).

Capacidade económica	Porcentaxe de participación	Tarifa
Menor do 0,80 do IPREM	0%	0,00€
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	25%	3,22€/m
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	30%	3,86€/m
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	50%	6,43€/m
Maior de 2,5 IPREM	80%	10,29€/m

4.2. SERVIZO DE COMEDOR EN LIÑA DE COMIDA QUENTE

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas, establecece o prezo unitario de menú en **14,36€/menú** (base imponible).

Capacidade económica	Porcentaxe de participación	Tarifa
Menor do 0,80 do IPREM	0%	0,00€
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	25%	3,59€/m
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	30%	4,31€/m
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	50%	7,18€/m
Maior de 2,5 IPREM	80%	11,49€/m

4.3. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS USUARIAS DOS SERVIZOS REGULADOS NESTA ORDENANZA

O Concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos seguintes criterios:

a) Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas: ingresos netos que se perciban procedentes de rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu rémixe; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

b) Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contidos económicos dos que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, de 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúa o seu valor, así como as débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

c) A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en computo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que conviven no fogar.

d) Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

e) Para a actualización da información relativa á capacidade económica, as persoas usuarias do servizo presentarán, antes de final do mes de febreiro de cada ano, ou cando se produzan cambios na súa situación inicial ou ben a petición dos servizos sociais do Concello, xustificación documental das circunstancias socioeconómicas tidas en conta para o acceso ao servizo.

Establecerase un límite máximo de participación das usuarias do 40% da súa capacidade económica.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza reguladora numero 35 publicada no BOP do 1 de agosto de 2013 (BOP numero 145).

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

O IPREM para o presente ano 2021 está establecido en 564,90 €.

Para os vindeiros anos a súa contía será a que anualmente se estableza nos orzamentos xerais do Estado.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

A presente ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello de Arteixo, será publicada e entrará en vigor na forma legal establecida, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Asinan dixitalmente na data do documento electrónico.-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Isabel Rego, Traballadora Social
Enma Sánchez, Coordinadora do Departamento de S. Sociais